



CLUB MONTAÑA FERROL

Aptdo. 297 15480 Ferrol

CIF G15116676,

660 222 178 – secretariacmf@gmail.com

Eu Xan Antón Ramírez Gomez, con DNI 32633780t, como presidente do Club Montaña Ferrol, con NIF G15116676, con domicilio en rúa Coruña 102 1 dta. Ferrol

Diante da RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2012, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Ten a ben expoñer:

- a) Que sendo coñecedores do camiño, polo menos na nosa zona e a falla de Asociacións de Amigos do Camiño, é de estrañar que ninguén se puxera en contacto connosco para saber a nosa opinión, ou recoller ideas ó respecto.
- b) Que tendo en conta que o Camiño é un todo, resultou difícil acceder o expediente integro, pasándonos un día de concello en concello (da nosa zona), mais semellando non querer que se soubera a que realmente houbera unha participación o respecto
- c) Que o traballo realizado, semella tamén que a idea é mais para facer no coche que buscar alternativas que melloren a Calidade da Traza
- e) Paralelamente a esta idea, vértense comentarios que dan a entender que se traballou de paso sobre o terreo (camiños que son impracticables, cando son os que se están usando) pódense contar as fotos feitas dende fora do coche.
- d) Que hai cambios bruscos que son imposibles de explicar dende un punto de vista histórico por moito que se queira (Cabanas)
- e) Que a día de hoxe tamén hai que ter en conta a evolución do entorno e facilitar ou enriquecer o camiño con determinadas alternativas
- d) A Planimetría e fotos aéreas usadas, tampouco son recentes, polo que da lugar a confusións

f) Felicitamos temas positivos, como o cambio de entrada en Compostela, a traseira dun polígono industrial nunca se debeu aprobar, aproveitamento de recursos históricos como a Ponte do Lambre ou a entrada en Betanzos por Caraña de Riba.

Pero no que se atinxe a comarca de Ferrol, presentamos as seguintes

ALEGACIÓNS:

1) CONCELLO DE FERROL:

1.1) Entendemos, que a chegada a A Caranza por Telleiras, faise pola beirarrúa, pegado ó Auditorio e o Conservatorio, cando todas esa zona, se camiña pola marxe da Ribeira, a que se accede nada mais pasar a verxa da instalación militar.

1.2) Despois de cruzar a estrada das Pias, pódese aproveitar a pequena parcela que queda fronte a un supermercado, para recortar a esquina e enlazar directamente co paseo marítimo de Narón.

2) CONCELLO DE NARON:

2.1) O acceso ó Mosteiro do Couto, pola Faísca, non se recollen os trazado actuais, mentres a penúltima proposta remontaba ate a Faísca, e volvía a baixar, nos últimos tempos se retomou a curva de nivel, retomando un suposto transito pola beira da vía do tren, e se cruza por debaixo da FE11, para chegar o Couto pola urbanización, pois o paso da Faísca non aporta nada mais que un esforzo suplementario (sube-baixa)

2.2) O camiño de Cornido (asfalto), hai anos que non se usa, pois úsanse (conxuntamente co camiño a Teixido), as pistas de servizo (de terra) e a nunca usada plataforma da vía de tren cara a Metalúrxica Megasa, que ademais mantén o marcos oficiais. O trazado na foto aérea, nen sequera se corresponde, cos pasos aéreos

3) CONCELLO DE NEDA:

3.1) É curiosa, a entrada en Neda, cando en ningún momento, observamos referencia algunha ó **PRIMEIRO ALBERGUE** do propio camiño ...e logo o

camiño non pasa- chega a el?????. Como chega ate el os peregrinos??? Nin sequera como unha alternativa?

3.2) Como estudo a facer e que debería quedar recollido sería como posíbel alternativa todo o paseo marítimo, pois o tránsito pola estrada, aínda que é o histórico, a día de hoxe non recolle elementos patrimoniais interesantes até a Igrexa de Santa María precisamente onde remata o paseo, tramo que se recolle como de “MOI MALA CALIDADE”.

3.3) Semella que dende a saída do núcleo urban (que a día de hoxe tamén está variado na traza da saída da autopista, a te a conexión con Fene, non incorporando foto aérea comparativa dese tramo.

4) CONCELLO DE FENE:

4.1) O camiño proposto despois do Muiño de Mundin, alónxase da capela de Santa Ana, algo a valorar

5) CONCELLO DE CABANAS:

Se hai cambios discutibles, eiqui se chega os cambios aberrantes, a non ser que se intente xustificar outros temas, que nada teñen que ver co camiño.

A traza do Concello de Cabanas, troca dende a entrada até a saída, e que todos este anos estábese a facer mal, e houbo moitas queixas históricas? Queres aumentar a dureza física do percorrido, metendo desniveis ilóxicos nas trazas dos camiño medievais?

5.1) Non é de recibo o cruce da estrada xeral, para camiñar pola parte alta de Laraxe.

5.2) Non é de recibo cruzar de novo a estrada na zona do Llano, para voltar a cambiar de marxe

5.3) non é de recibo voltar a atravesar a xeral (en zona de condución rápida para gañar a parte alta do concello para despois baixar cara ó Concello

5.4) Recoñcese que Cabanas e unha evolución de San Martiño do Porto, pero at raza proposta, alonxase da ubicación desta igrexa

5.5) Non se recoñece a importancia histórica da (desaparecida e reedificada) Igrexa da Magdalena, que da lugar ó Piñeirál e Areal do mesmo nome

5.6) No piñeiral da Magdalena era lugar da famosa feira o 2 polo que ten que ser punto de paso obrigado

5.7) Consideramos eso, si interesante o paso polo lugar da Veiga, pola súa zona de lecer, sempre e cando poda tamén aproveitarse a baixada cara a San Martiño do Porto, cunha indicación cara os muiños e Batanes da zona

6) CONCELLO DE PONTEDEUME:

6.1) Volvemos a botar en falta toda a especificación da traza do camiño dende a saída de Pontedeume, o seu cruce por Campolongo cara ó entorno da urbanización Costa Miño.

6.2) Non podemos deixar de suxerir, que hai que incorporar, aínda que sexa como alternativa, o paso pola xoia do románico no Eume, como é San Miguel de Breamo. Estamos a falar dun desvío de menos de 500 mts. E un enriquecemento do camiño considerable

En Ferrol a 18/12/12

Xan Ramírez Gómez
Pte.

Sr. Drtr Xeral de Patrimonio
Consellería Cultura